

NOTA DE PRENSA

Esquerda Unida considera incoherente e falaz a argumentación esgrimida por Unión Coruñesa en relación a aplicación da Lei da memoria histórica

O Concello Comarcal da Coruña de Esquerda Unida quere saír ao paso das declaracións de Unión Coruñesa aparecidas onte no xornal *El Ideal Galego*, solicitando ao concello, en relación coa aplicación de Lei da Memoria Histórica, que "recupere cuanto antes el sentido común". Efectivamente que o bipartito recupere o sentido común sería algo moi positivo para A Coruña, pero nesta ocasión, de seguro, que lle sería máis necesario recuperalo á formación Unión Coruñesa, se é que algunha vez o tivo, porque as declaracións vertidas onte demostran unha falta absoluta do "menos común dos sentidos". Quen se non, pode considerar a aplicación do topónimo como unha arbitrariedade do goberno local, cando a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística di no seu artigo 10: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega", tamén haberá que recordarlle aos "desmemoriados" que primeiro o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en xuño de 2003, e posteriormente o Tribunal Supremo, en xullo de 2006, ditaron sentenza onde se indica que "ha de tenerse por válida la denominación 'A Coruña' de acuerdo al derecho autonómico gallego..." e que "a provincia de La Coruña se denominará oficialmente 'A Coruña' en concordancia con el nombre de la ciudad que tiene reconocida su capitalidad".

Seguindo coa demostración da falta de sentido común, Unión Coruñesa, propón que o goberno local da Coruña incumpra a legalidade vixente, outra vez máis, nesta ocasión pretende que se obvie a Lei sobre a Memoria Histórica, propoñendo que "se aplace toda decisión que no esté refrendada por el voto de los coruñeses", o que dito doutra maneira significa que o partido de Carlos Marcos, considérase quen de establecer que Leis débense cumprir e cales necesitan do referendo popular. Ademais afirmar que a historia non considera fascistas a personaxes como Juan Canalejo ou Millán Astrai, é unha enorme falacia. Unha falacia que se desmonta con suma facilidade pois aínda que é certo que a lexión creouse con anterioridade ao golpe de estado franquista e que na actualidade e un corpo do exército absolutamente integrado no estado (¡ifaltaría máis!), tamén o é que Millán Astrai, aínda que na guerra civil tivo un papel secundario, sempre defendeu o réxime franquista, lembremos o célebre altercado con Unamuno onde arengou aos presentes co famoso axioma franquista "¡¡España una, España grande, España libre!!", ou "¡Muera la inteligencia! ¡Viva la muerte!" en clara alusión a Unamuno.

Remata o esperpéntico comunicado de Unión Coruñesa con esta outra afirmación dogmática "dejarse arrastrar por el sectarismo del señor Monge". Esquerda Unida pregúntase se os sectarios non serán aqueles que pretenden saltarse a legalidade vixente, utilizan argumentos falaces para manter nas rúas os nomes dos fascistas ou sentenzan sen motivar o que converte as súas afirmacións en dogmas de fe.

Esquerda Unida quere evidenciar a incoherencia do discurso de Unión Coruñesa cando fala en relación ao señor Monge: "carece de representación respaldada por los ciudadanos", acaso considéranse vostedes coa suficiente representación cidadá como para solicitar un referendo popular para unha Lei aprobada fai 26 anos e ratificada no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e no Tribunal Supremo.

Por último, o comité executivo do Consello Comarcal da Coruña de Esquerda Unida insta ao goberno municipal a cumprir a Lei da memoria histórica sen máis dilacións e facer

oídos xordos de quen pretenda facer unha revisión sectaria da historia. No noso país houbo dous bandos, o lexítimo e democraticamente establecido e o dos golpistas. A aplicación da lei da memoria histórica só ven a poñer coherencia e sentido democrático á España de hoxe.

NOTICIA PUBLICADA ONTE NO IDEAL GALEGO (REDACCIÓN > A CORUÑA)

Unión Coruñesa pide una consulta sobre la aplicación de la Ley de Memoria Histórica

Unión Coruñesa arremetiú ayer contra la aplicación de la Ley de Memoria Histórica en la ciudad y pidió al Ayuntamiento que "recupere cuanto antes el sentido común". Considera que el gobierno local no debe caer en la arbitrariedad con la que ya decidió sobre el topónimo y propone que "se aplaque toda decisión que no esté refrendada por el voto de los coruñeses". El partido de Carlos Marcos acusa al gobierno municipal de "dejarse arrastrar por el sectarismo del señor Monge, que carece de representación respaldada por los ciudadanos".

Insiste en que cualquier cambio que se pretenda aplicar en el callejero o en la permanencia o no de símbolos de la época franquista debe ser "respetuoso con la voluntad de los coruñeses y legítimo por la aceptación explícita y consensuada de todos los coruñeses".

Unión Coruñesa afirma que el Ayuntamiento "no ha sabido, o no ha querido, estudiar un desarrollo consensuado de la aplicación de la ley" en la ciudad. Critica que se propone borrar del callejero nombres como el de Juan Canalejo, "que fue víctima y no artífice de las luchas políticas e ideológicas de la preguerra civil". "Igualmente se propone retirar la estatua de Millán Astray, ahí puesta y colocada por haber sido el fundador de la Legión, cuerpo del Ejército absolutamente integrado en el Estado democrático", apostilla. Unión Coruñesa destaca que "la inmensa mayoría de los ciudadanos conviven con un callejero que jamás ha sido motivo de crispación, lo que dificulta todavía más el entendimiento de esta aplicación discriminatoria de la ley".